

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DATA PUBLICACIÓN: [17/06/2023]

CRITERIOS PROBA A (Desenvolvemento por escrito dun tema elixido pola persoa aspirante, de entre 5 temas, extraídos ao chou polo tribunal de forma pública ante os opositores).

- O persoal aspirante desenvolverá o tema elixido, indicándoo na parte superior do exame no espazo habilitado para este fin.
- O tema deberá conter un índice claro no que aparezan todos e cada un dos puntos que se vaian desenvolver.
- O persoal aspirante deberá tratar todos os epígrafes marcados no temario da especialidade Oficina de Proxectos de Construción, cunha estrutura organizada e axeitada.
- A redacción deberá ser clara, coa corrección gramatical e ortográfica axeitada ao nivel académico do persoal aspirante e perfectamente lexible.
- O persoal aspirante deberá manifestar na redacción do tema dominio dos coñecementos específicos, técnicos e científicos propios da especialidade, empregando un vocabulario técnico adecuado.
- O persoal aspirante deberá citar as fontes, os recursos bibliográficos e legislativos axeitados e correctamente relacionados co tema a desenvolver.
- A lectura da proba deberá ser fluída e áxil, axustándose en todo momento ao que se atope escrito na proba, de non facelo así poderá ser causa motivada dunha nota negativa.

CUALIFICACIÓN PROBA A

A proba cualificaranse de 0 a 10 puntos.

Parte A: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

CRITERIOS PROBA B

CRITERIOS PROBA B.1 (Preparación, presentación e exposición, e defensa dunha unidade didáctica). Segundo Rúbrica publicada no anexo VIII da Orde do 05 de decembro de 2022.

CRITERIOS PROBA B.2 (Consistirá na realización dunha das dúas opcións propostas polo tribunal, relacionadas co temario da oposición).

- O desenvolvemento e os resultados dos exercicios deberán ser correctos e estarán claramente indicados e debidamente xustificados. Estes requisitos serán indispensables para a súa cualificación segundo as rúbricas elaboradas polo tribunal para a proba.
- As respostas deberán ser claras e estar ordenadas e ben organizadas de xeito que se poidan identificar doadamente, con dominio da terminoloxía propia da especialidade.
- Deberá haber unha coherencia entre o suposto práctico presentado e o contido exposto na resposta do persoal aspirante.
- A resposta deberá contar cunha axeitada expresión escrita, cunha redacción axustada ao nivel académico do persoal aspirante, correcta ortografía, así como pulcritude na presentación.
- A lectura da proba deberá ser fluída e áxil, axustándose en todo momento ao que se atope escrito na proba, de non facelo así poderá ser causa motivada dunha nota negativa.

CUALIFICACIÓN PROBA B

Proba B cualificaranse de 0 a 10 puntos, ponderándose do seguinte xeito:

Cada un dos exercicios desta parte B valorarase de 0 a 10 puntos. A cualificación da parte B, pondérase do seguinte xeito:

- Parte B.1: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.
- Parte B.2: a cualificación ponderada desta parte calcularase multiplicando por 0,5 a cualificación obtida.

CUALIFICACIÓN DA FASE DE OPOSICIÓN

A cualificación correspondente a esta fase de oposición será a media aritmética, con precisión de dez milésimas de punto, das puntuacións obtidas nas dúas partes da proba.

A cualificación final da fase de oposición expresarase en números de cero a dez, sendo necesario obter, polo menos, cinco puntos para poder acceder á fase de concurso.